



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Medio social e cultural e a súa didáctica		Código	652G01025
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Pérez Guilarte, Yamilé	Correo electrónico	yamile.perez@udc.es	
Profesorado	Pérez Guilarte, Yamilé Suárez Álvarez, Patricia	Correo electrónico	yamile.perez@udc.es p.suarez@udc.es	
Web				
Descripción xeral	<p>A materia está fundamentada sobre a base de que para coñecer e comprender a contorna sociocultural é necesario o recoñecemento da curiosidade como motor do coñecemento, a formación dunha mente crítica e de compromiso, e a valoración da creatividade, da imaxinación e da sensibilidade.</p> <p>Contémanse os presupostos teóricos e as experiencias realizadas na Educación Infantil para a comprensión dos contidos, recursos e liñas de acción didáctica. A materia desenvólvese nestes parámetros e na súa programación cobra especial importancia o traballo activo do alumnado.</p> <p>O coñecemento do Medio Social e Cultural está directamente relacionado coas Ciencias Sociais.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Adquirir os coñecementos fundamentais e necesarios para a comprensión do medio social e cultural e a metodoloxía propia das ciencias sociais para aplicala ao coñecemento do medio social e cultural.			A36 B3 C1 A37 B10 C6 B11 C7
Desenvolver a capacidade de análise e síntese, de esquematización e discernir o prioritario do secundario. Desenvolver o pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo.			A26 B1 B3 B10 B12 B17
Desenvolver estratexias de traballo autónomo e en grupo a fin de potenciar a planificación, organización, a discusión, o diálogo e a negociación na fundamentación do ensino. Presentación de propostas de materiais didácticos, actividades, proxectos unidades didácticas e análises de experiencias. Desenvolver a capacidade para presentar, defender e debater ideas con argumentación sólida.			A24 B1 C1 A26 B3 A29 B4 A33 B5 A36 B7 A39 B8 A66 B9 B11 B12 B17 B18 B22



Adquirir a capacidade de transferir os coñecementos teóricos e prácticos da materia aos contextos das aulas de infantil con programacións e proxectos no marco da lexislación.	A1 A5 A62	B8 B10 B12 B15	
Promover o interese, o coñecemento e o respecto polo medio social e cultural propio, valorando o entorno inmediato. Promover o interese, o coñecemento e o respecto por sociedades e culturas diferentes.	A37 A40	B6 B20 B24	C4 C7 C8

## Contidos

Temas	Subtemas
Unidade 1: Introdución.	- Conceptos e interpretacións. Medio social e cultural e a relación coas Ciencias Sociais. - Dimensión didáctica das Ciencias Sociais. - As Ciencias Sociais no currículo de Educación Infantil.
Unidade 2: As coordenadas espazo e tempo e a formación do pensamento social	- A comprensión do espazo e do tempo: percepción e conceptualización. O contorno sociocultural nas coordenadas espazo-temporais. A vida en sociedade  - O ensino-aprendizaxe do espazo e do tempo. Pensar e expresar o espazo e a idea de tempo. A representación.
Unidade 3: Estratexias metodolóxicas e recursos e materiais didácticos sobre o medio social e cultural.	- As emocións e a imaxinación. - A aprendizaxe lúdica. - As saídas escolares e outras estratexias na didáctica do medio. - O traballo por proxectos. - As situacións de aprendizaxe. - Os recursos e materiais didácticos.
Unidade 4: Descubrimento e participación na contorna social.	- A construción dunha cidadanía democrática desde a perspectiva de xénero.  - A formación de nenos e nenas participativos na súa contorna. Accións pola sostibilidade.
Unidade 5: Temas formativos para o coñecemento do medio social e cultural	- O contorno inmediato e o potencial educativo. Elaboración de propostas para a didáctica.  - Patrimonio material e inmaterial, Concepto e potencialidades. Didáctica do patrimonio. Propostas didácticas para o ensino-aprendizaxe.  - Introdución ao coñecemento do medio social e cultural de Galiza. Con especial atención ao patrimonio cultural de Galiza.

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B1	1	0	1
Análise de fontes documentais	A24 B11	2	10	12
Eventos científicos e/ou divulgativos	B8 B18 B22	2	12	14
Presentación oral	B17 C1	6	14	20
Saídas de campo	A40 A66 B6	2	12	14
Seminario	A33 A36 A39 A62 B1 B3 B4 B7 B8 B9 B12 B18 C6 C8	3	30	33



Aprendizaxe colaborativa	A29 B5	3	15	18
Sesión maxistral	A1 A5 A37 A40 B15 B20 B24 C4 C7	21	8	29
Proba obxectiva	A26 A37 B10 B17 C1	2	5	7
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías		Descripción
Actividades iniciais		Os bloques temáticos iniciaránse con exposiciones de ideas que permitan aproximarse aos coñecementos previos do alumnado e á súa motivación e interese polo tema para acadar os obxectivos en cada un e no conxunto da materia.
Análise de fontes documentais		Ao longo do curso, o alumnado terá ocasión de coñecer e manexar diversas fontes de información e documentación: orais, escritas, gráficas, iconográficas, epigráficas... así como artigos en revistas, libros, audiovisuais, páxinas web, etcétera. O traballo coas fontes servirá para a adquisición de coñecementos sobre das mesmas e para o seu recoñecemento e utilización como recursos didácticos.
Eventos científicos e/ou divulgativos		Asistencia e participación a un evento formativo que poderá ser en calquera modalidade de interese: conferencia, proxección, representación, exposición, etcétera. As alumnas e alumnos realizarán unha reflexión acerca da actividade.
Presentación oral		Os traballos de propostas de accións didácticas que se desenvolvan, serán obxecto de exposicións na aula por parte de todos os membros de cada pequeno grupo diante do grupo completo. Estas exposicións serán realizadas tanto ao presentar os traballos finalizados como durante a elaboración dos mesmos, algúns deles "in situ" en relación coas saídas de campo. Promoverase o intercambio de ideas, análise do exposto e susxestións para conseguir o debate construtivo acerca das propostas ou traballos presentados por cada pequeno grupo.
Saídas de campo		Constitúen unha parte moi importante no desenvolvemento da materia e serán saídas programadas a contextos educativos e a contextos do contorno inmediato. Realizaranse diferentes tipos de saídas a fin de que o alumnado teña un coñecemento sobre: os tipos de saídas e o propio medio ou contorno inmediato. O alumnado desenvolverá capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a experimentación, a recollida de información e a realización de propostas didácticas. Preténdese a inmersión no medio para a súa comprensión integral.
Seminario		Realización de proxectos ou propostas de acción didáctica, formulado dende o prisma dos seminarios e a súa técnica de discusión, participación, elaboración de documentos e conclusións. Organización en pequenos grupos para traballar conxuntamente en propostas didácticas relacionadas, principalmente, coas saídas de campo e con temas que xurdan da dinámica da propia materia e do grupo e temas propostos pola profesora. Os traballos en pequenos grupos serán presentados e debatidos no gran grupo conxuntamente.
Aprendizaxe colaborativa		Traballo conxunto en pequenos grupos.
Sesión maxistral		As explicacións teóricas referiranse aos contidos básicos que forman a estrutura de cada tema. Realizaranse co apoio de documentación específica e medios audiovisuais e estará directamente relacionada coas metodoloxías utilizadas na docencia interactiva.
Proba obxectiva		Ao finalizar o curso realizarase unha proba obxectiva para avaliar os coñecementos do estudiantado.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Seminario	O alumnado recibirá atención personalizada que o oriente na metodoloxía para a realización dos traballos orientados.

#### Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Seminario	A33 A36 A39 A62 B1 B3 B4 B7 B8 B9 B12 B18 C6 C8	Os traballos de seminario na aula serán grupais. Serán avaliados, principalmente, segundo criterios de planificación, corrección nos contidos, idoneidade para o nivel ou ciclo que se deseñen e creatividade nas propostas didácticas. Así mesmo, procederase a traballar a partir de conferencias e/ou eventos científicos (seguidos presencialmente ou en formato on-line).	40
Análise de fontes documentais	A24 B11	Ao longo do cuatrimestre traballaranse diversas fontes documentais, que serán analizadas polo estudiantado e avaliadas.	20
Proba obxectiva	A26 A37 B10 B17 C1	Ao finalizar o curso realizarase unha proba obxectiva para avaliar os coñecementos do estudiantado traballados durante o cuatrimestre.	40

#### Observacións avaliación

Na evaluación terase en conta a asistencia e a participación activa na aula, tanto nas sesiones expositivas como interactivas.

Para superar a materia os/as alumnos/as deberán superar cada una das dúas partes: proba obxectiva e a suma das demás partes, sendo necesario asistir ao 80% das clases. Na segunda oportunidade poderá recuperarse tanto a proba obxectiva, que terá un peso do 40%, como as tarefas orientadas en clases que se avaliarán mediante un único traballo individual cun peso do 60%, o cal deberá entregarse na data do exame de segunda oportunidade.

Terán carácter de NON PRESENTADO aqueles/as alumno/as que non concorran á proba obxectiva ou a calquera apartado da evaluación.

O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia terá que realizar un traballo de curso individual e a proba obxectiva, cualificadas estas tarefas cun 40% e cun 60%, respectivamente. Para aprobar as dúas tarefas deben ser superadas. Para acollerse a esta modalidade é condición necesaria asistir a titorías (mínimo de dúas titorías) para facer un seguimento directo do proceso de elaboración do traballo de curso e dialogar sobre o tema escollido para o devandito traballo.

Na realización dos traballos o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet ou intelixencia artificial, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada esta causa de cualificación suspenso na devandita actividade. Todo iso sen prexuízadas responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras ocorrespondente procedemento.

Asimismo, recoméndase ter presente unha perspectiva de xénero na redacción do documento, non sendo aceptables faltas ortográficas. Igualmente, evitarse a entrega do traballo en formato papel, en favor do ecosistema, optándose poloformato dixital.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de evaluación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometía: o/a estudiante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederá a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica? , ?dedicación ao estudo? , ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC. ?

#### Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- Aranda Hernando, A.M. (2016). Didáctica de las ciencias sociales en educación infantil.. Madrid: Síntesis</li><li>- Benejam, P. et al. (2002). Las ciencias sociales: concepciones y procedimientos.. Barcelona: Graó.</li><li>- Cooper, H. (2002). Didáctica de la historia en la educación infantil y primaria. . Madrid: Morata.</li><li>- Coma Quintana, L., Santacana i Mestre, J. (2010). Ciudad educadora y patrimonio. Cookbook of heritage.. Gijón: Nigra</li><li>- Casanova Alfonsea, E., Arias Ferrer, L., Egea Vivancos, A. (2018). La metodología por proyectos como oportunidad para la introducción de la historia y el patrimonio en las aulas de Educación Infantil.. Murcia: Contextos Educativos, 22</li><li>- Cuenca, J.M. (2008). La enseñanza y aprendizaje de las ciencias sociales en Educación Infantil.. Jaén: Universidad de Jaén.</li><li>- Egan, K. (1991). La comprensión de la realidad en la educación infantil y primaria. . Madrid: Morata.</li><li>- Escamilla, A. (2009). Las competencias básicas en la programación de aula: infantil y primaria (3-12 años).. Barcelona: Graó.</li><li>- Feliu Torruella, M. y L. Jiménez Torregrosa (coords.) (2015). Ciencias sociales y educación infantil (3-6). Barcelona: Graó</li><li>- Miralles, P., S. Molina y A. Santisteban (eds.) (2011). La evaluación en el proceso de enseñanza y aprendizaje de las ciencias sociales. . Murcia: A.U.P.D.C.S.</li><li>- Pérez, E.M., Baeza, M.C., Miralles, P. (2008). El rincón de los tiempos. Un palacio en el aula de Educación Infantil.. Revista Iberoamericana de Educación, 48:1-10.</li><li>- Prats, J. y Santacana, J. (2009). Ciudad, educación y valores patrimoniales. La ciudad educadora, un espacio para aprender a ser ciudadanos.. Íber, 59, pp. 8-21</li><li>- Rivero Gracia, P. (coord.) (2011). Didáctica de las ciencias sociales para Educación Infantil.. Zaragoza: Mira Editores</li><li>- Rodríguez Lestegás, F. (1995). Didáctica das Ciencias Sociais na Educación Infantil.. Vigo: Ed. Ir Indo.</li><li>- De Puig, I. y Sátiro, A. (2011). Jugar a pensar con niños y niñas de 4 a 5 años. Barcelona: Octaedro</li><li>- Resa, A., Lucas, L. y Diez, R. (2023). Hacia unas Competencias Coeducativas en Educación Infantil para la formación docente desde la Didáctica de las Ciencias Sociales . CLIO. History and History teaching</li></ul> <p>A bibliografía básica e as páxinas web iranse ampliando conforme se vaia tratando a materia.Páxinas web:<a href="https://vtshome.org/http://innovarteinfantil.wordpress.com">https://vtshome.org/http://innovarteinfantil.wordpress.com</a><a href="http://clio.rediris.es">http://clio.rediris.es</a><a href="http://www.edu.xunta.es">www.edu.xunta.es</a><a href="http://www.educahistoria.com">www.educahistoria.com</a><a href="http://www.aaviladonga.es">www.aaviladonga.es</a><a href="http://www.atapuerca.com">www.atapuerca.com</a><a href="http://www.educabarrie.org">www.educabarrie.org</a><a href="http://www.museobelastartes.coruna.es">www.museobelastartes.coruna.es</a><a href="http://www.educoruna.gal">www.educoruna.gal</a></p>
---------------------	--



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"><li>- AA.VV. (1991-2008). Galicia. Proxecto Hércules.. A Coruña: Hércules de edicións</li><li>- Coma, L. (2009). La evaluación de las actividades patrimoniales.. Íber, 59-22-37.</li><li>- Mariño Ferro, X.R. (2000). Antropoloxía de Galicia.. Vigo: Xerais.</li><li>- Bas, B. (2011). Imaxes do patrimonio cultural para traballar as competencia básicas.. A Coruña: XI Congreso Internacional Galego-Portugués de Psicopedagoxía.</li><li>- Bas, B. (2012). Experiencia sobre a utilización do entorno cultural como recurso didáctico na formación do profesorado de Educación Infantil.. Universidade de Vigo: Xornada de Innovación Educativa 2012.</li><li>- Diéguez Cequiel, U.-B. (2019). A Ribeira Sacra luguesa desde a didáctica das ciencias sociais. Ensino e aprendizaxe do tempo e o espazo desde unha paisaxe singular en Marcía Arce, C.; Armas Quintá, F.X; Rodríguez Lestegás, F. (coor. Santiago de Compostela: Andavira</li><li>- Diéguez Cequiel, U.-B. (2021). La Fuente del Berro: una quinta y parque singular en el Madrid contemporáneo (paisaje, memoria y conocimiento del medio) en Didáctica Geográfica (revista) nº21. Madrid: Asociación Española de Geografía</li><li>- Bas, B. y García-Morís, R. (2019). Teño unha peza, teño un tesouro. A comprensión do patrimonio cultural dende a emoción do propio, nas aulas do Grao de Educación Infantil.. Santiago de Compostela: ADRA · Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego</li><li>- Pérez-Guilarte, Y., Gusman, I., Lois González, R. C. (2023). Understanding the Significance of Cultural Heritage in Society from Preschool: An Educational Practice with Student Teachers. Heritage</li><li>- Pérez-Guilarte, Y. y García-Morís, R. (2024). Diseño de propuestas críticas a través del patrimonio para una educación histórica en infantil. Barcelona: Octaedro</li></ul> <p>A bibliografía complementaria irase ampliando conforme se vaian tratando e traballando os temas e actividades.</p>
-----------------------------	---

#### Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Medio histórico e xeográfico de Galicia e a súa didáctica/652G01029

Materias que continúan o temario

#### Observacións

Os traballos asociados aos seminarios entregaranse, cando fosen requeridos, en presentación tipo Power Point, e non impresos, a fin de colaborar cunha Universidade respectuosa co medio ambiente e en favor dos criterios de sostibilidade. Poderanse entregar materiais didácticos elaborados complementarmente, en caso de se estimar oportuno. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos性es, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarase para identificar e modificar prejuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificálos e fomentar valores de respeito e igualdade. Deberanse detectar situacíons de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas. &nbsp;

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías